



PROVINCIA: LUGO

COMARCA: A MARIÑA ORIENTAL

PARTIDO XUDICIAL: MONDOÑEDO

LÍMITES:

Norte: Barreiros e Ribadeo
Sur: A Pontenova e Asturias
Leste: Asturias
Oeste: Lourenzá e Riotorto

DISTANCIA Á CAPITAL PROVINCIAL: 75 Kilómetros.

SUPERFICIE: 82,7 Km.

De relevo accidentado, a superficie do termo municipal é unha continuidade de altos cumios que forman parte de serras como A Cadeira e profundos e fértiles vales, que decorren desde o alto de Cerrochán (776 metros) ata a Ría de Ribadeo en Ría de Abres (cota 0). Rega as súas terras o río Eo, xunto cos seus afluentes Trabada e Vilapena .

A nivel paisaxístico conta con lugares de grande beleza tanto nos entornos fluviais coma nos bosques, onde as fragas naturais conforman paraxes espectaculares.

O clima poderíase definir cunha característica: suavidade de temperaturas. A oscilación térmica é mínima, co que os invernos son suaves e os veráns agradables debido, en grande

medida, ás benignas influencias do mar.

A actividade económica xira en torno á agricultura, á gandeiría (na actualidade moi especializada no vacún de leite) e a un sector forestal cada día máis puxante.

A estrada N-640 comunica o municipio por carretera con Lugo e Ribadeo mediante un servizo regular de transporte de viaxeiros. A LU-132 cruza de Leste a Oeste o termo municipal, contribuíndo á súa total vertebración a intensa rede viaria provincial e municipal.